

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE NOVEMBRO DE 2021**

Ás 10:10 horas do día 4 de novembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
 D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
 D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno (asiste a todos os puntos agás o 11d)  
 D<sup>a</sup>. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a, 2b, 4a, 4b, 5, 6, 9, 10, 11a e 11b)  
 D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Contratación (asiste aos puntos 2c e 4c)  
 D. José Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste ao punto 2d)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do céspede artificial e instalacións no campo de fútbol santa Mariña-Cabral" (759-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. MONDO IBÉRICA, S.A.U.
2. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
3. URBAN GLOBAL 2018 S.L.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV" (991-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
  2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
  3. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
  4. NAROM, S.L.
  5. OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.
  6. ORECO, S.A.U.
  7. ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
  8. UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. - CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.
  9. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



1. EULEN SEGURIDAD, S.A.
2. SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do céspede artificial e instalacións no campo de fútbol santa Mariña-Cabral" (759-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV" (991-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 28 e 29 de outubro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	528.340,00 €

Asisten á apertura D. Jacobo Naveira Sánchez con DNI \*\*.08.05\* en representación de DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. e D<sup>a</sup>. Lara Alcalde Balado, con DNI número \*\*.07.82\*, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais de conformidade cos criterios recollidos na cláusula 18 do PCAP, polo que de acordo co previsto na cláusula 16.3 ao haber un único licitador admitido outórgase a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula:

	Licitador	Redución do prezo	Puntuación ponderada
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	100 puntos	60 puntos

Tendo en conta a puntuación acadada polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	90,40 puntos (puntuación ponderada 36,16)	100 puntos (puntuación ponderada 60)	190,40 (puntuación ponderada 96,16)

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes, túneles e de enerxía renovable do Concello de Vigo (51.959-444)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 28 e 29 de outubro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

## 10.- Propostas de clasificación/clasificación

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes, túneles e de enerxía renovable do Concello de Vigo (51.959-444)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes, túneles e de enerxía renovable do Concello de Vigo (51.959-444) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% desconto ofertado
1	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.	12,25%
2	IMESAPI, S.A.	5,80%
3	DIGAMEL, S.A.	4,00%

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U. (A-96.933.510), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira



delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7” (597-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	96,16 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-70.218.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)” (884-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 15 de outubro de 2021 se notificou a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. a resolución de clasificación e de requirimento da documentación do artigo 150.2 da LCSP. O licitador presentou documentación o 27 de outubro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación revisa a documentación presentada e acorda, por unanimidade, conceder a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. un prazo de tres días para que poida acreditar correctamente a solvencia técnica de conformidade cos requisitos recollidos na cláusula 8.4.4º do PCAP. Os certificados presentados non indican o ano de execución das obras polo que non se pode comprobar se nun dos últimos 5 anos ten executado o importe esixido no prego. Así mesmo, indícase que as obras entenderanse similares ás do obxecto do contrato sempre que sexan do mesmo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



grupo ou subgrupo de clasificación que o correspondente ao contrato, que neste caso é o Grupo G, subgrupo 6, categoría 2 (artigo 88.3 da LCSP).

**b) Procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 22 de outubro de 2021 se notificou a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS a resolución de clasificación e de requirimento da documentación do artigo 150.2 da LCSP. O licitador presentou documentación o 28 de outubro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación revisa a documentación presentada que é correcta. No entanto, realizadas as comprobacións oportunas polo Servizo de Contratación constátase que o licitador non está ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), polo que se acorda, por unanimidade, conceder a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS un prazo de tres días para que poida presentar un certificado positivo co citado organismo.

**c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de dous equipos de excarceración hidráulicos a batería para cada un dos vehículos de primeira saída dos parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.495-213)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de dous equipos de excarceración hidráulicos a batería para cada un dos vehículos de primeira saída dos parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.495-213)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 30 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dos equipos de excarceración hidráulicos a batería para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 3 de setembro de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 9 de setembro de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 100.000,00 euros, do que 17.355.37€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290002 " Adquisición de equipos de excarceración hidráulicos a batería" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 28 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de dous equipos de excarceración hidráulicos a batería para cada un dos vehículos de primeira saída dos parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.495-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo ofertado
1	INCIPRESA, S.A.U.	82.156,49 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INCIPRESA, S.A.U. (A-36.633.600), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INCIPRESA, S.A.U., o día 28 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 3 de novembro, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 4 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INCIPRESA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INCIPRESA, S.A.U., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 22 de outubro de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a INCIPRESA, S.A.U. (A-36.633.600) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de dous equipos de excarceración hidráulicos a batería para cada un dos vehículos de primeira saída dos parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.495-213) por un prezo total de 99.409,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.252,86 euros.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

#### **d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación do Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) segundo as condicións aprobadas no referido Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 21/07/2021, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 04/08/2021.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 156.600 euros (IVE do 21% incluído de 27.178,51 euros) con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL) dos importes e exercicios económicos seguintes:*

Anualidade	Importe
2021	38,831.70 €
2022	52,200.00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Anualidade	Importe
2023	52,200.00 €
2024	13.368,30 €

**TERCEIRO.-** *Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP".*

Na sesión do 17 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou:

**1º.-** *Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas completo asinado polo Xefe do Servizo de Comercio o 14 de setembro de 2021.*

**2º.-** *Reiniciar o prazo de presentación de ofertas.*

**3º.-** *Informar aos licitadores de que se con carácter previo ao reinicio do prazo se presentase algunha proposición, deberán manifestar por escrito se manteñen a proposición xa presentada ou a retiran para presentar unha nova.*

**4º.-** *Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de outubro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

**"Primeiro.-** *Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación total
1	SONIDO COLLAZO, S.L.	73 puntos

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SONIDO COLLAZO, S.L. (B-36.932.689), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SONIDO COLLAZO, S.L., o día 28 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 3



e 4 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 4 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SONIDO COLLAZO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SONIDO COLLAZO, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 25 de outubro de 2021 e do acordo da Mesa de Contratación do 28 de outubro polo que se outorgou ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a SONIDO COLLAZO, S.L. (B-36.932.689) o procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106) por un prezo total de 156.580,05 euros, sendo a cota*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



correspondente ao IVE de 27.175,05 euros.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:40, logo dun receso entre as 12:25 e as 14:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:23	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A14H-5BD436-3958AA-NJBQUM-6HVAR6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		